

# BOP

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

Boletín Nº 194. Lunes, 25 de agosto de 2003

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [CAMBRE](#)

ANUNCIO Pág. 9918 Reg. 8736-x.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

*Ordenanza reguladora da cesión do uso de edificios, locais e instalacións municipais a asociacións veciñais*

A Corporación municipal en Pleno, en sesión de data 29 de abril de 2003 aprobou, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora da cesión do uso de edificios, locais e instalacións municipais a asociacións veciñais.

Exposta ó público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada.

A teor do previsto no artigo 70.2 da citada lei, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, publícase integramente o devandito texto normativo, que entrará en vigor ó día seguinte ó da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

Por se tratar dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberase presentar ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DO USO DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS

ESTRUCTURA

Preámbulo

- Título preliminar: disposicións xerais: artigos 1 a 3 incluídos.
- Título I.-Normas reguladoras da utilización de edificios, locais e instalacións municipais obxecto da presente ordenanza: artigos 4 a 22.
- Título II.-Responsabilidades, infraccións e sancións: artigos 23 a 29.
- Título III.-Causas e forma de recuperación da posesión dos edificios, locais e

instalacións municipais: artigos 30 a 34.

- Disposición adicional única
- Disposición final

## ANEXOS

- Anexo I.-Modelo de solicitude.
- Anexo II.-Modelo de contrato-tipo de cesión de uso de inmovble.
- Anexo III.-Modelo de comunicación de fin de uso.

## PREÁMBULO

Constitúe unha obriga das corporacións locais favorece-lo desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitándolles, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades. Dentro da posibilidade de uso destes medios, a lexislación de réxime local contempla especificamente o acceso aos locais municipais, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e sempre que as asociacións solicitantes se atopen debidamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais e o soliciten por escrito ao Concello.

Esta posibilidade de uso ten como corolario a responsabilidade das devanditas asociacións polo trato que reciban as instalacións, coa correspondente posibilidade municipal de esixirlles o resarcimento dos danos e perdas que puidesen derivar por cantos medios poña ao seu alcance o ordenamento xurídico, sen prexuízo da posibilidade de impoñerlles as sancións para as que, dentro dos límites legalmente establecidos, teñan competencia, ou do establecemento do pagamento de taxas pola utilización do dominio público.

Así pois, o Concello de Cambre, recoñecendo que as asociacións veciñais contribúen á satisfacción dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e, en innumerables ocasións, colaboran ou complementan as actividades culturais, deportivas, ou que en materia de ocupación do tempo libre se organizan polo propio Concello no exercicio das competencias que lle son atribuídas no artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co desexo de poñer a disposición das citadas asociacións veciñais unha serie de infraestructuras e equipamentos que se conciben como instrumentos para facilitar e fomenta-la participación cidadá na vida cultural e social do municipio, tendo en conta a escaseza de disposicións legais reguladoras da materia, e no exercicio das potestades regulamentaria e de autoorganización, facilita ós usuarios un conxunto de normas que regulen a utilización racional e axeitada dos inmobles municipais, garantindo a todos eles o acceso a eses inmobles en condicións de igualdade, para o cal aproba a seguinte ordenanza:

## TÍTULO PRELIMINAR

### **Disposicións xerais**

#### **Artigo 1.-Obxecto da presente ordenanza.**

Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do uso de edificios, locais e instalacións municipais por parte das asociacións que se atopen inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais do Concello de Cambre.

As citadas asociacións serano sen ánimo de lucro, debendo figurar esa circunstancia nos propios estatutos da asociación, e as actividades a exercer e para

as que se solicita a cesión de uso, deberán redundar en beneficio dos veciños, de xeito evidente e positivo.

### **Artigo 2.-Fundamento.**

1.-Artigo 22.1 da Constitución Española; artigo 72 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 233 e 236 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e artigo 255.1 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia, respecto do dereito de asociación, a obriga das corporacións locais de favorecer-lo desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o dereito das asociacións ó uso de medios públicos municipais, especialmente os locais ou instalacións municipais.

2.-Artigo 4.1.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 6.1.a) da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e artigo 4.1.a) do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, respecto das potestades regulamentaria e de autoorganización.

3.- Artigo 4.1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 44.2 do Real decreto 1372/86, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e Disposición adicional única da Lei 11/99, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/85, do 2 de abril, respecto da potestade sancionadora pola comisión de infraccións, e para asegura-la axeitada utilización dos locais, sendo de aplicación supletoria, para a súa substanciación, o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

### **Artigo. 3.-Ámbito obxectivo da presente ordenanza.**

As normas que contempla esta ordenanza serán de aplicación a tódolos edificios, locais e instalacións municipais susceptibles de utilización polos membros das asociacións que se encontren debidamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais, sempre que os citados locais ou instalacións non contén cunha ordenanza específica para a súa utilización, ou esta se encontre regulada ou sexa obxecto dun contrato específico.

Incluiranse como inmobles municipais, dentro do ámbito desta ordenanza, aqueles que, sen ser de titularidade municipal, estean en posesión do Concello de Cambre a través da firma dun contrato de alugueiro ou convenio con algunha outra entidade privada ou pública, limitándose a cesión de uso ó período de vixencia dos devanditos títulos e á inexistencia dalgunha cláusula específica que o prohiba.

Sen embargo, quedarán fóra do ámbito obxectivo da presente ordenanza os seguintes usos:

a) Usos de locais, instalacións ou edificacións que estean regulados por lei.

b) A utilización de locais e instalacións escolares, agás que se conte con autorización do propio centro, e sempre que se trate de actividades relacionadas co desenvolvemento ou complemento de programas educativos oficialmente aprobados, e organizadas pola asociación de pais de alumnos ou outra asociación relacionada coa educación.

## TÍTULO I

### **Normas reguladoras da utilización de edificios, locais e instalacións municipais obxecto da presente ordenanza.**

#### **Artigo 4.-Solicitud de uso.**

O uso dos edificios, locais e instalacións municipais requirirá a previa autorización

municipal.

Para obtela, as asociacións interesadas deberán solicita-lo uso por medio dun escrito dirixido ao señor alcalde e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Cambre con, polo menos, un mes de antelación á data en que desexen utiliza-lo local. O devandito escrito, que se axustará ó modelo que se incorpora a esta ordenanza como anexo I, deberá ir asinado polo presidente da asociación, e non se lle dará trámite se non está debidamente cuberto en tódolos seus extremos.

Á solicitude achegaranse os seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa de que os fins da asociación e as actividades a desenvolver no local redundan en beneficio dos veciños.

b) Unha memoria explicativa sobre a necesidade de utilización do local, modo en que se vai levar a cabo esa utilización e mantemento do local.

c) No suposto de terse producido algún troco nos datos que figuran no Rexistro municipal de asociacións veciñais, ou desde a última actualización, achegarase o documento acreditativo deses trocos.

d) O documento acreditativo da non existencia de débedas pendentes co Concello de Cambre.

Previa á autorización da cesión do uso, o señor alcalde, ou concelleiro-delegado da área a que estea adscrito o local solicitado, poderá pedir á entidade solicitante cantos documentos, informes ou aclaracións complementarios considere oportunos.

A continuación, emitirase informe pola Secretaría Xeral da Corporación, onde se faga constar se os datos obrantes no Rexistro municipal de asociacións veciñais se atopan actualizados á data da solicitude, iso a teor do previsto no artigo 236.4, parágrafo segundo, do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. En caso contrario, concederase un prazo improrrogable de quince días para que poidan cubrirse tales datos.

Unha vez cubertos, emitirase informe-proposta polos servicios administrativos da área a que corresponda (cultura, deportes, xuventude, servicios sociais, etc.), co visto e prace do concelleiro-delegado responsable, respecto da procedencia da cesión do uso e as condicións dese uso (días, horarios, duración, etc.).

De non cubrirse, ou no suposto da existencia de débedas contraídas co Concello de Cambre, o informe-proposta será desfavorable.

#### **Artigo 5.-Tipos de cesión de uso, en función da súa periodicidade.**

Segundo a solicitude formulada, a cesión de uso dos inmobles poderá ter carácter:

a) Puntual: para desenvolver un acto concreto e extraordinario, con data e horario predeterminado.

b) Temporal: para o desenvolvemento dunha actividade específica con datas e horarios preestablecidos, e que en ningún caso poderá acadalo período anual.

c) Anual: para o desenvolvemento continuado e periódico, así como para o funcionamento ordinario das actividades propias da asociación solicitante.

#### **Artigo 6.-Resolución da solicitude.**

Corresponde ó señor alcalde resolve-las solicitudes de cesión de uso de inmobles que teñan carácter puntual ou temporal.

Corresponde á Comisión de Goberno, logo do dictame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Muller, Deportes, Xuventude, etc. (dependendo da área a que

este adscrito o local), resolve-las solicitudes de cesión de uso de inmuebles que teñan carácter anual.

O señor alcalde, ou, no seu caso, a Comisión de Goberno, resolverán sobre a petición formulada, atendendo ás dispoñibilidades do inmueble, número de ocupantes, tempo da cesión de uso e finalidade.

No suposto de que a solicitude fora cuberta correctamente, e se achegara a documentación prevista no artigo 4, parágrafo terceiro, a resolución deberá ser adoptada no prazo de dous meses desde a data de presentación no Rexistro de entrada do Concello.

Ó acordo de cesión ou autorización achegárase un inventario elaborado pola concellería ou área á que estea adscrito o local, e no que se describirán os bens mobles afectados pola cesión, facendo consta-lo estado en que se encontren e a súa valoración aproximada, ademais dun informe onde se describa, polos servicios técnicos municipais, o estado de conservación do inmueble.

Ambos documentos serán asinados polo presidente da asociación, e formarán parte integrante do contrato-tipo a que se refire o parágrafo seguinte.

A resolución da petición será notificada ó solicitante, en nome da asociación, e, no caso de que sexa favorable, implicará a subseguinte sinatura, no prazo de cinco días hábiles dende a recepción da notificación, dun contrato-tipo entre o Concello e a asociación, que se achegará ó modelo que se incorpora a esta ordenanza como anexo II.

#### **Artigo 7.-Duración da cesión de uso.**

Nas cesións de uso de carácter puntual ou temporal, a asociación deberá axustarse aos días e horarios de uso fixados na resolución.

As cesións de uso de carácter anual, e salvo que no acordo de cesión se estableza outra cousa, ou a asociación comunique a súa intención de non continuar no uso do local, poderán entenderse prorrogadas tacitamente ata un máximo de catro anos, que comezará a contar desde a notificación da resolución ou acordo de cesión de uso. Transcorridos os catro anos, deberá formalizarse novamente a solicitude nos termos establecidos no artigo 4 da presente ordenanza.

Entenderase que existe aceptación tácita á prórroga por parte do Concello, cando non se teña incoado ningún expediente de responsabilidade ou infracción por incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza. No suposto de se teña incoado algún expediente, a prórroga deberá ser expresa, mediante a adopción do correspondente acordo pola Comisión de Goberno, dentro do mes anterior a aquel en que finalice a cesión.

#### **Artigo 8.-Concorrenza de usos.**

Independentemente da duración de cada cesión de uso, o Concello de Cambre poderá autoriza-lo uso dun mesmo inmueble a varias asociacións, sempre que estas non coincidan nas súas franxas horarias, o que dará lugar a unha cesión de uso concorrente ou compartida no tempo. Nestes supostos, que virán determinados, en todo caso, polos horarios que se establezan para cada actividade, as entidades concorrentes deberán cumprir integramente coas obrigas que se fixan na presente ordenanza, e que se especifican nos artigos seguintes, especialmente no referente á necesidade de deixa-lo inmueble en condicións de orde e limpeza suficiente para o seu uso inmediato seguinte.

Nestes casos de concorrenza de utilización, o Concello de Cambre velará especialmente polo cumprimento estrito dos horarios concedidos a cada asociación.

#### **Artigo 9.-Uso dos inmuebles.**

As asociacións que obteñan o permiso de uso deberán desempeñalo conforme á natureza e destino do inmovible, de modo que non se lle ocasione ningún dano ou menoscabo, sen prexuízo do desgaste que poida producirse polo uso normal, axeitado e razoable, atendendo ó fin para o cal foi solicitada a utilización.

En ningún caso poderán destinarse os locais, edificios ou instalacións a finalidades distintas daquelas para as que foron concedidos, de modo que tal circunstancia, de producirse, constituiría falta moi grave das tipificadas nesta ordenanza.

### **Artigo 10.-Obrigas dos usuarios.**

a) Os usuarios dos locais, edificios ou instalacións, deberán coidar deles, da súa limpeza e orde, e do seu mobiliario, e comportarse co debido civismo.

b) Cando no local ou instalación cedida exista determinado equipamento como TV, vídeo, equipo de música, fotocopiadora, etc., para a utilización dese equipo requirirase a autorización expresa do concelleiro da área que tivese informado no seu momento a cesión de uso do local, e esa autorización efectuarase a nome dunha persoa concreta que será responsable da utilización.

c) Despois de cada período diario de uso limparán e ordenarán o mobiliario e elementos interiores, de forma que poidan ser inmediatamente utilizados por outros solicitantes que tivesen tal facultade, iso sen prexuízo dos deberes de limpeza e mantemento que poidan corresponder ao Concello de Cambre en virtude dos contratos que para tal efecto se subscriban.

Co fin de velar polo cumprimento de tal obriga, o Concello de Cambre poderá, a través dos seus técnicos municipais, xirar cantas visitas de comprobación ós locais considere oportunas, podendo estas verificarse sen previo aviso ós usuarios.

Calquera usuario que advertise algunha deficiencia ou deterioración nos inmobles deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do Concello de Cambre.

Co fin de a comproba-lo estado dos inmobles e mobles cedidos, e en concordancia co establecido no artigo 18 da presente ordenanza, cando a cesión de uso fora concedida con carácter puntual ou temporal, e unha vez conclúa o uso, elaborárase un informe polos técnicos da concellería ou área á que estea adscrito o local, onde, tendo en conta o inventario e informes emitidos no seu día polo citado departamento e que serviron de base para autoriza-la cesión de uso, farase consta-lo estado en que se encontre o local e mobiliario cedidos.

No suposto de que se lles tivesen producido danos, solicitarase o oportuno informe de valoración ós servicios técnicos municipais.

Cando a cesión de uso fora outorgada con carácter anual, así como no suposto das sucesivas prórrogas, o informe sobre o estado da instalación e mobiliario será emitido nos dez primeiros días do mes de decembro.

d) Nas cesións de uso de carácter anual, o presidente da asociación deberá presentar, durante a última quincena do mes de decembro de cada exercicio, unha memoria explicativa de tódalas actividades realizadas no local, e que servirá de base, no seu caso, para non autoriza-la prórroga no uso do local.

e) No suposto de que a asociación desexara levar a cabo algunha mellora no local, logo da correspondente autorización do órgano competente, esa mellora pasará, para tódolos efectos, a ser propiedade do Concello de Cambre.

f) A entidade á que se conceda o uso do local deberá subscribi-lo correspondente seguro de responsabilidade civil durante o tempo que dure a cesión de uso. Non se formalizará o contrato se non fora acreditado previamente o cumprimento desa obriga.

En concordancia co anterior e co previsto no artigo 16 da presente ordenanza, nin a entidade nin os usuarios potenciais do local estarán en relación de dependencia co

Concello, polo que este non se fai responsable, nin directa nin subsidiariamente, dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse dentro do local.

#### **Artigo 11.-Obrigas do Concello.**

a) Face-las obras necesarias para garanti-lo uso e gozo do local, sempre que aquelas veñan ocasionadas pola deterioración natural do inmovible causado polo uso normal, axeitado e razoable, correspondendo acreditar tal extremo aos servicios técnicos municipais.

b) Mante-las asociacións autorizadas no uso e gozo pacífico do inmovible, fronte a calquera inxerencia de terceiros que o impidan.

#### **Artigo 12.-Actividades realizadas por menores.**

Cando as actividades a desenvolver polas asociacións nos inmobles municipais permitan a participación nelas de menores de idade, estes deberán realizalas en todo caso baixo a supervisión dun adulto membro da citada asociación, sendo responsable directa das consecuencias que poidan derivarse do incumprimento desta obriga a entidade autorizada ó uso.

#### **Artigo 13.-Prioridade de uso e necesidades puntuais de uso municipal.**

- Os actos ou actividades organizadas polo Concello de Cambre terán prioridade sobre os actos propostos polas asociacións.

- Os actos electorais que se convoquen ó abeiro da Lei orgánica 5/85, de réxime electoral xeral, terán preferencia sobre os actos de calquera outra natureza.

- Os actos públicos terán prioridade sobre os de natureza interna.

No caso de que, unha vez outorgada a unha asociación (ou a varias en función da concorrencia de uso), a utilización dun inmovible municipal, o Concello de Cambre precisara del para a realización dalgún acto puntual que teña prioridade sobre os que convoque a asociación, ou para levar a cabo algunha actividade ou traballo de interese xeral, en virtude dunha necesidade sobrevida, ben sexa para o propio Concello, para outra administración pública ou ben para outra asociación veciñal, a cesionaria estará obrigada a permitir esa utilización polos servicios municipais, pola outra administración pública, ou por outra asociación.

Por iso, e co fin de causa-los mínimos prexuízos no desenvolvemento da actividade da entidade, o Concello de Cambre comunicaría esta circunstancia á/as asociación/s afectadas cunha antelación mínima de dez días.

Tendo en conta que a cesión de uso de locais municipais enmárcase entre as potestades discrecionais do Concello, dadas as limitacións impostas pola coincidencia de usos de varias asociacións, polo número de locais destinados a estes fins, etc. (artigo 233 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro), se como consecuencia de situacións inexistentes no momento de outorga-la cesión de uso, ou ben por razóns de interese xeral, fora necesario altera-la configuración física do local cedido co fin de atende-las propias necesidades ou doutras entidades ou administracións públicas, o Concello poderá levar a cabo as obras que estime oportunas, logo da comunicación ás partes afectadas cun mes de antelación.

#### **Artigo 14.-Alteracións horarias e solicitude de actos non previstos.**

Cando algunha asociación cesionaria, por esixencias debidamente motivadas no desenvolvemento da actividade, necesítase altera-lo horario fixado para algún acto concreto, ou solicítase a maiores dos usos concedidos a realización dalgún acto non previsto inicialmente, deberá solicitalo ós responsables do departamento municipal ó que estea adscrito o inmovible, mediante o correspondente escrito presentado cunha antelación mínima de quince días naturais.

O señor alcalde resolverá logo da proposta favorable do concelleiro responsable do citado departamento.

### **Artigo 15.-Actos prohibidos.**

Os usuarios dos inmobles deberán axustar a súa actividade ás seguintes prohibicións:

- Non se autorizará a entrada nos inmobles de ningún tipo de animais, a excepción dos cans-guía debidamente identificados.

- Non se permitirá o consumo de comestibles ou bebidas de ningún tipo, agás naqueles locais onde exista unha zona específica para ese fin.

- Non se permite realizar actividades molestas e/ou que impidan a outros usuarios o normal desenvolvemento das súas actividades.

- Queda expresamente prohibido fumar no interior dos inmobles municipais, a excepción daqueles que contén cun espazo ou zona específico para ese fin.

- Queda expresamente prohibida a práctica de xogos de azar ou calquera outros que se desenvolvan con fins lucrativos.

- Está prohibido o cobramento, por parte das asociacións aos seus membros, de calquera tipo de entrada ou "ticket" para acceder ó interior dos inmobles municipais.

- A asociación non poderá cederlo uso a terceiros, nin sequera temporalmente, nin en precario, de todo ou parte do local obxecto de cesión.

### **Artigo 16.-Responsabilidade por danos.**

Os danos causados nos inmobles e tarecos, segundo os informes emitidos a teor do previsto no artigo 10.b) in fine da presente ordenanza, serán responsabilidade da asociación titular da autorización de uso, e o Concello de Cambre poderá esixirle a súa reparación por cantos mecanismos civís, penais ou administrativos permita a lexislación vixente, incluída a vía de constrinximento.

No suposto de concorrencia de usos, as asociacións responderán, no seu caso, de forma solidaria.

Así mesmo, as asociacións que teñan outorgado o uso do inmovible responderán directamente dos danos persoais que se poidan producir por sinistros ocorridos durante o desenvolvemento da súa actividade nos locais municipais.

### **Artigo 17.-Extravío de obxectos.**

O Concello de Cambre non se responsabilizará do extravío de diñeiro ou doutros obxectos que se produza durante os tempos de uso dos inmobles polas asociacións veciñais. En todo caso, se os usuarios os trouxesen consigo, quedarán baixo a garda e responsabilidade exclusiva dos seus propietarios.

### **Artigo 18.-Fianzas.**

Nas cesións de uso de carácter anual, así como nas de carácter temporal cunha duración superior a seis meses, o Concello de Cambre poderá esixir á asociación a constitución dunha fianza en calquera das formas legalmente admitidas. A fianza, cun importe que se determinará polos servizos técnicos municipais atendendo á superficie do inmovible, o seu equipamento, actividade a desenvolver, número de usuarios e continuidade de uso, responderá do bo cumprimento das obrigas de uso e da restitución, no seu caso, do inmovible ou mobles situados no seu interior, á situación anterior ao momento da cesión. Así mesmo, garantirá a indemnización dos danos e perdas, cando deban responde-los usuarios dos que efectivamente se produzan, así como do pagamento das sancións que poidan impoñerse en virtude da aplicación da presente ordenanza.



A contía da fianza que, no seu caso, se establecese, non poderá ser inferior a 241 euros nin superior a 962 euros, e o seu depósito efectuarase previamente á sinatura do contrato que se achega como anexo II.

### **Artigo 19.-Entrega e restitución de chaves.**

No caso de que a actividade se deba desenvolver en horario distinto ó habitual establecido para os edificios, locais e instalacións, unha vez concedida a utilización do uso facilitarase á asociación, a través da persoa designada para tal efecto, un xogo de chaves do inmovible para a súa apertura e peche. Esa persoa será responsable da custodia e devolución das chaves, e absterase de realizar reproducións delas, agás que o señor alcalde expresamente o autorice.

En calquera caso, ao término da actividade, as chaves dos inmobles deberán ser entregadas nos departamentos de Cultura, Deportes e Xuventude, ou área a que estea destinada o local. En caso de que se obtivesen copias autorizadas das chaves dos inmobles, todas elas serán devoltas ó término do período do uso autorizado.

### **Artigo 20.-Fin de uso e devolución da fianza.**

Unha vez concluído o uso do edificio, local ou instalación municipal, a asociación usuaria comunicará ao Concello de Cambre esta circunstancia, mediante escrito dirixido ao señor alcalde e presentado no Rexistro de entrada do Concello, e que se axustará ao modelo anexo III incorporado a esta ordenanza.

O Concello de Cambre, coñecida esta circunstancia, poderá practicar cantas comprobacións considere oportunas para os efectos de constata-lo cumprimento das obrigas dos usuarios, tal e como se establece no artigo 10 da presente ordenanza.

Unha vez comprobado o cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, así como a inexistencia de danos e perdas nos inmobles e mobles cedidos, e a non comisión de ningunha infracción, os técnicos do departamento a que estea adscrito o inmovible utilizado emitirán un informe ao respecto, propoñendo ó señor alcalde (no suposto de cesións de uso de carácter temporal), ou á Comisión de Goberno (no suposto de cesións de uso de carácter anual), a devolución da fianza que, no seu caso, se tivese constituído.

No caso de que o resultado da comprobación fose desfavorable para a asociación, o informe describirá os incumprimentos ou infraccións que se tivesen cometido. Darase traslado dese informe á asociación, concedéndoselle un prazo de dez días para alegacións, transcorrido o cal dictarase a correspondente resolución pola Alcaldía ou pola Comisión de Goberno, no seu caso, respecto da reposición dos bens por parte da asociación, concedéndoselle un prazo para facelo.

En caso de incumprimento, o Concello esixirá as responsabilidades a que houber lugar, o que comportará, no seu caso, a incautación da fianza constituída, que se destinará a cubri-las de carácter pecuniario que puidesen derivarse do incumprimento das obrigas desta ordenanza, así como dos danos e perdas causados e das sancións que procedesen.

Para o caso de que non se esixise fianza á asociación usuaria, ou esa fianza fose insuficiente, o Concello poderá levar a cabo as reparacións dos bens, mediante execución subsidiaria por conta da asociación. En caso de impago, e de conformidade co establecido no artigo 97 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe dos gastos, danos e perdas, sancións e demais responsabilidades a que houber lugar esixirase mediante constringimento sobre o patrimonio, segundo as normas reguladoras do procedemento recadatorio en vía executiva, e cantos mecanismos permita a lexislación ata a súa total satisfacción.

### **Artigo 21.-Renovación da solicitude.**

En caso de que ó término do período de uso, segundo o establecido no artigo 7 da

presente ordenanza, a asociación desexase renovoalo, a petición de renovación deberá axustarse aos mesmos requisitos esixidos para a súa solicitude, e seguirá o mesmo procedemento ata a resolución.

### **Artigo 22.-Mecinado.**

Aquelas asociacións que, pola súa solvencia, desexen contribuír ó mantemento e renovación dos inmobles que utilicen, mediante doazón de equipamento ou de fondos para a súa adquisición, poderán facelo presentando unha instancia de tipo xeral no Rexistro de entrada do Concello de Cambre.

## TÍTULO II

### **Responsabilidades, infraccións e sancións.**

#### **Artigo 23.-Responsabilidade dos usuarios.**

Os usuarios dos edificios, locais e instalacións municipais obxecto de utilización, responderán dos danos e perdas que polo seu dolo ou negligencia se ocasionen neles, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 16 da presente ordenanza.

#### **Artigo 24.-Corresponsabilidade.**

Se fosen varias as asociacións cesionarias, e non se puidese identificar ao causante/s dos danos sufridos nos inmobles, tódalas entidades autorizadas responderán solidariamente do pagamento das indemnizacións que procedesen. No caso de que o importe desas indemnizacións se detraia das fianzas constituídas, reterase proporcionalmente, en función do número de asociacións que teñan autorizado o uso do inmovible.

As entidades cesionarias que non constituíran fianza, e que deban responder solidariamente con outras asociacións ás que si se lles esixise garantía, participarán na porcentaxe que lles correspondese achegando a suma en metálico.

No caso de que se causasen danos nos inmobles, producidos pola actuación de persoas físicas identificadas, será responsable directa ante o Concello de Cambre a asociación a que pertenza o causante do dano, sen prexuízo da posibilidade que poida ter esta de repetir contra o autor/es, e da posible responsabilidade penal destes.

#### **Artigo 25.-Infraccións.**

Considéranse infraccións, cunha gravidade que virá determinada polas sancións a impoñer, as seguintes:

a) Ocupar edificios, locais e instalacións municipais sen autorización expresa e escrita do Concello de Cambre.

b) Destina-los locais, edificios ou instalacións a finalidades distintas daquelas para as que foron autorizados.

c) Levar a cabo a execución de obras nos locais, sen ter obtido antes a pertinente autorización.

d) Non manter limpo e ordenado o local tras cada actividade, na forma establecida na presente ordenanza.

e) Causar danos nos locais, instalacións, equipos, mobles e demais tarecos que se encontren no interior dos inmobles utilizados, así como a subtracción de calquera clase de obxecto que forme parte do mobiliario e material posto a disposición dos usuarios.

f) Realizar reproducións de chaves de acceso ós inmobles sen autorización do señor alcalde.

g) Non restituí-los xogos de chaves que se entregaran ao representante da asociación inmediatamente despois do desaloxo do inmovible.

h) Nas cesións de uso de carácter anual, non presentar, durante a última quincena do mes de decembro de cada exercicio, unha memoria explicativa de tódalas actividades realizadas no local.

i) Incumprimento dos horarios autorizados.

l) Non respecta-la concorrencia de uso dos inmobles.

m) Dificulta-la prioridade na utilización dos locais e edificios municipais.

n) Non respecta-las prohibicións que se establecen na presente ordenanza.

ñ) Reincidencia na comisión de dous ou máis faltas leves nos últimos doce meses.

o) Calquera outra actuación contraria ás obrigas impostas pola presente ordenanza.

### **Artigo 26.-Sancións:**

As sancións que o Concello de Cambre poderá impoñer pola comisión das infraccións indicadas (disposición adicional única da Lei 11/1999, de modificación da Lei 7/1985), serán:

1.-Para as dos parágrafos a) e b), que terán a consideración de moi graves, poderase impoñer unha multa de entre 360,61 e 450,76 euros.

2.-Para as dos parágrafos c), d), f), h), l), m), n) e ñ), que terán a consideración de graves, poderase impoñer unha multa de entre 360,60 e 270,46 euros.

3.-Para as do parágrafo e), que terán igualmente a consideración de graves, imporase unha multa equivalente ao importe do dano ou prexuízo causado, co límite de 450,76 euros.

4.-Para as dos parágrafos g), i) e o), que terán a consideración de leves, poderase impoñer unha multa de ata 270,45 euros.

A imposición de sancións pola comisión de faltas será tida en conta polo órgano competente á hora de resolver sobre a renovación da solicitude de uso.

### **Artigo 27.-Procedemento sancionador.**

Para a imposición das sancións que puidesen derivarse desta ordenanza, estarase ó procedemento establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **Artigo 28.-Prescripción.**

As infraccións leves prescribirán aos dous meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

### **Artigo 29.-Concorrencia na esixencia de responsabilidades.**

As sancións que poidan impoñerse en cumprimento do disposto nos artigos anteriores, serán independentes das indemnizacións de danos e perdas que procedesen, ou das accións de diferente natureza que a Corporación poida exercitar ao respecto.

As responsabilidades e sancións mencionadas se substanciarán e executarán, no seu caso, por vía executiva.

## TÍTULO III

### **Causas e forma de recuperación da posesión dos edificios, locais e instalacións municipais.**

#### **Artigo 30.-Resolución da cesión por infracción.**

O órgano que tivese adoptado o acordo de cesión de uso dun inmovible poderá deixar sen efecto esa cesión, cando a asociación cometese unha infracción das tipificadas nos artigos 25 e 26 como graves o moi graves.

#### **Artigo 31.-Procedemento de resolución.**

A adopción do devandito acordo requirirá a incoación de expediente contradictorio, con audiencia da asociación interesada, no que quede acreditada a comisión da infracción.

Para tal fin, cando se teña coñecemento, ben de oficio ou por medio de denuncias de particulares, institucións, etc., de feitos ou actuacións que puidesen constituír unha infracción das tipificadas como graves ou moi graves, emitíranse os informes que procedan polos servicios administrativos da área a que corresponda (cultura, deportes, xuventude, etc.), onde se faga constar se son certos os feitos denunciados.

Emitidos os informes, darase audiencia á asociación afectada para que, no prazo de dez días, alegue e presente os documentos, probas e xustificacións que estime pertinentes.

Concluído ese trámite, a Comisión de Goberno, logo do dictame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Muller, Deportes e Xuventude, etc., ou, no seu caso, o señor alcalde, adoptarán a resolución que proceda, dando conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

Cando na resolución ou acordo adoptado se deixe sen efecto a cesión, concederáse á asociación un prazo de dez días para que deixe libre o local e entregue as chaves no departamento a que estea adscrito ese local.

#### **Artigo 32.-Potestades da administración.**

O Concello de Cambre goza, respecto dos locais, mobles, etc., que cedese en uso, da prerrogativa de recuperar por si mesmo a súa posesión, en calquera momento, cando se trate de bens que teñan a cualificación xurídica de dominio público, e no prazo dun (1) ano, que comezará a contar dende o día seguinte á notificación do acordo a que se refire o artigo 31 da presente ordenanza, os patrimoniais, todo iso de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

#### **Artigo 33.-Recuperación da posesión.**

Para tal efecto, transcorrido o prazo de dez días concedido no acordo ou resolución sen que a asociación deixe libre o local e entregue as chaves, e logo dos informes emitidos polos servicios administrativos da concellaría a que corresponda, así como da Secretaría municipal, o Pleno da Corporación adoptará os acordos pertinentes para a recuperación dos bens, concedendo un prazo improrrogable de cinco días para que a asociación deixe libre o local e faga entrega das chaves.

No propio acordo facultarase ó señor alcalde para que, en caso de incumprimento, adopte as medidas compulsoras legalmente admitidas, procedendo, no seu caso, ó lanzamento forzoso, sendo por conta da asociación os gastos e perdas que iso ocasionase. O cobramento destas cantidades reclamarase, de forma solidaria, ben á asociación, ben ós titulares dos seus órganos directivos, presidencia ou cargo análogo.

### **Artigo 34.-Bens patrimoniais.**

Cando se trate dun ben patrimonial, seguirase o procedemento previsto no artigo anterior, agás que transcorrese o ano a que se fai referencia no artigo 32, nese caso procederá a acción correspondente ante os tribunais ordinarios.

### **Disposición adicional única.**

A presente ordenanza resulta de aplicación a toda cesión ou autorización de uso de locais ou bens municipais ás asociacións veciñais, con independencia de que o seu uso sexa anterior.

Para tal efecto, as asociacións que viñesen usando e gozando locais ou bens municipais, sexa cal sexa a duración no tempo, deberán regulariza-la súa situación formalizando a correspondente solicitude de uso -artigo 4 da ordenanza-, no prazo de dous meses, que comezará a contar dende a entrada en vigor da presente norma.

En caso contrario, estarase ó establecido no título III respecto das causas e forma de recuperación da posesión de bens municipais.


### **Disposición final.**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

(Siguen ANEXOS)

Cambre, 11 de agosto de 2003.

O alcalde, Antonio Varela Saavedra.



[Grande \(56Kb\)](#)  
[Pequeña \(20Kb\)](#)



[Grande \(40Kb\)](#)  
[Pequeña \(12Kb\)](#)



[Grande \(76Kb\)](#)  
[Pequeña \(24Kb\)](#)



[Grande \(72Kb\)](#)  
[Pequeña \(24Kb\)](#)



[Grande \(32Kb\)](#)  
[Pequeña \(12Kb\)](#)

Reg. 8736-x



De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.